

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a empresa Foncafer, S.L., en materia de formación profesional dual.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 111/2020, do 6 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra don _____, representante da empresa Foncafer, S.L., en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante a notaría dona _____ con data _____ e número de protocolo ____.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1º. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade asinou coas empresas Climagal, S.L., T´uvento Ingeniería Minieólica, S.L., Incalfont Renovables, S.L.U., Fontanería Aquacee Instalacións, S.L., Aerosolar Térmica Coruña, S.L. e Climatega, S.L.U., un convenio para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas no CIFP Ferrolterra para o ciclo formativo de Instalacións de produción de calor.

2º. Que o obxecto deste convenio é establecer a participación da empresa Foncafer, S.L., no anterior convenio.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Que a empresa Foncafer, S.L., acepta as condicións e as cláusulas establecidas no convenio asinado previamente entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as empresas Climagal, S.L., T´uvento Ingeniería Minieólica, S.L., Incalfont Renovables, S.L.U., Fontanería Aquacee Instalacións, S.L., Aerosolar Térmica Coruña, S.L. e Climatega, S.L.U., a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Segunda. A empresa Foncafer, S.L., comprométese a acoller nas súas instalacións a un alumno ou alumna.

Terceira. Amplíase a comisión de seguimento, control e supervisión, establecida no convenio asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as empresas Climagal, S.L., T´uvento Ingeniería Minieólica, S.L., Incalfont Renovables, S.L.U., Fontanería Aquacee Instalacións, S.L., Aerosolar Térmica Coruña, S.L. e Climatega, S.L.U., cun representante para a empresa asinante.

Cuarta. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Quinta. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, a empresa comprométese a respectar a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lido este convenio, atópano conforme e asínano